



EXCMO. CONCELLO DE TUI

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía de data 07.10.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS DE 2 PERSOAS DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Por Resolución da concellaría de Persoal de data 07.10.2020, aceptouse a proposta do tribunal avaliador das probas selectivas para a contratación laboral en prácticas de 2 persoas dentro do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra, requiriuse ás persoas propostas, para que no prazo dos 3 días seguintes ao da publicación da dita Resolución, presentaran a documentación solicitada para a súa contratación.

As persoas candidatas propostas presentaron a documentación cos seguintes rexistros de entrada:

- 1.- Técnica audiovisuais: Marta González Vila con n.r.e 2020-E-RC-6392
- 2.- Xornalista: Pablo Rodríguez Castro con n.r.e 2020-E-RC-6391

Ao abeiro da competencia atribuída no artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local, competencia indelegable segundo o disposto no artigo 21.3 da mesma norma e en concordancia co indicado no artigo 205.5 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

RESOLVO

1.- Contratar laboralmente, e con carácter temporal, pola modalidade en prácticas, de acordo coa lexislación vixente, e das condicións sinaladas nas Bases da convocatoria da data 28.09.2020 para ocupar os postos que se indican, e polo prazo dende o **07.10.2020** ata o **06.04.2021**:

- 1.- Técnica audiovisuais: Marta González Vila con DNI ***8586**
- 2.- Xornalista: Pablo Rodríguez Castro con DNI ***6885**

2.- Formalizar o correspondente contrato e presentar o mesmo no Servizo Público de Emprego (a traves da aplicación contrat@) no prazo de 10 días.

3.- Dar traslado do presente acordo os departamentos de Secretaría-Persoal, Intervención e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

4.- Contra a presente resolución poderá interporse os seguintes recursos:





EXCMO. CONCELLO DE TUI

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.
- **Contencioso administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
 - Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

En Tui, á data da sinatura electrónica

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González

Documento asinado dixitalmente á marxe.

